



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



Proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información.

ORDE do 1 de marzo de 2018 (DOG do 8 de marzo)

Primeiro exercicio

Acceso: promoción interna

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

- 1. Dentro dos dominios que contempla COBIT 5 non se atopa:**
 - a) Aliñar, Planear e Organizar.
 - b) Monitorear, Avaliar e Valorar.
 - c) Entregar, Servir e Reportar.
 - d) Construír, Adquirir e Implementar.

- 2. VALIT complementa a COBIT desde o punto de vista:**
 - a) Seguridade e Calidade.
 - b) Sistemas de Información.
 - c) Recursos Humanos.
 - d) Financeiro e de Negocio.

- 3. Cal das seguintes non é unha das perspectivas que contempla o Cadro de Mando Integral (Balanced Scorecard) de Kaplan e Norton?**
 - a) Do Provedor.
 - b) Desenvolvemento e Aprendizaxe.
 - c) Interna do Negocio.
 - d) Financeira.

- 4. Cal das seguintes non é unha fortaleza de PMBOK?**
 - a) Está orientada a sucesos.
 - b) Indica o coñecemento necesario para manexar o ciclo vital de calquera proxecto a través dos seus procesos.
 - c) Define para cada proceso as súas entradas, ferramentas, técnicas e reportes necesarios.
 - d) Define un corpo de coñecemento no que calquera industria poida construír as mellores prácticas específicas para a súa área de aplicación.

- 5. Segundo a Guía de PMBOK v.6, o proceso de Definir as Actividades atópase dentro da área:**
 - a) Xestión do Alcance do Proxecto.
 - b) Xestión do Cronograma do Proxecto.
 - c) Xestión da Integración do Proxecto.
 - d) Xestión das Adquisicións do Proxecto.

6. Cal dos seguintes subcriterios NON corresponde ao criterio *Persoas no modelo EFQM*?

- a) Xestión e mellora das relacións cos clientes.
- b) Planificación, xestión e mellora dos recursos humanos.
- c) Identificación, desenvolvemento e mantemento do coñecemento e a capacidade das persoas da organización.
- d) Recompensa, recoñecemento e atención ás persoas da organización.

7. Cal das seguintes afirmacións correspóndese co estándar ISO 9000?

- a) O Estándar ISO 9000 está baseado nun modelo de xestión por procesos que desenvolve os sete principios da Xestión da Calidade.
- b) O Estándar ISO 9000 está baseado nun modelo de xestión por procesos que desenvolve os oito principios da Xestión da Calidade.
- c) O Estándar ISO 9000 está baseado nun modelo de xestión por eventos que desenvolve os sete principios da Xestión da Calidade.
- d) O Estándar ISO 9000 está baseado nun modelo de xestión por procesos que desenvolve os sete principios da Xestión da Información.

8. En ITIL v3, cal dos seguintes NON é un dos seus 5 libros?

- a) Desenvolvemento do Servizo.
- b) Transición do Servizo.
- c) Operación do Servizo.
- d) Mellora continua do Servizo.

9. Segundo ITIL v3, minimizar dunha maneira eficaz a brecha existente entre os proxectos e as operacións é un obxectivo de:

- a) Desenvolvemento do Servizo.
- b) Deseño do Servizo.
- c) Operación do Servizo.
- d) Transición do Servizo.

10. Cal é unha metodoloxía de análise e xestión de riscos dos sistemas de información das administracións públicas, emitida polo Consello superior de informática do ministerio de administracións públicas de España?

- a) COBIT.
- b) MAGERIT.
- c) METRICA.
- d) REDSIS.

11. ISACA é:

- a) a axencia governamental de Avaliación de Políticas Públicas e da Calidade dos Servizos.
- b) o estándar de calidade máis estendido na realización de auditorías informáticas.
- c) unha das normas da ISO 17799.
- d) unha asociación independente que establece prácticas globalmente aceptadas para os profesionais da auditoría informática.

12. Mediante a emisión dun selo de tempo sobre un documento:

- a) pódese demostrar que o contido do documento é correcto.
- b) xerárase unha evidencia, que determinará a existencia dese documento nun instante determinado.
- c) pódese garantir a data e a hora na que se creou o documento.
- d) asegúrase a data e a hora da sede electrónica.

13. Respecto do arquivo electrónico de documentos, a Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público establece no seu artigo 46 que:

- a) tódolos documentos utilizados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos, salvo cando non sexa posible.
- b) tódolos documentos electrónicos utilizados nas actuacións administrativas almacenaranse unicamente no seu formato de orixe.
- c) tódolos documentos aportados en formato electrónico e incorporados a un expediente administrativo almacenaranse no seu formato de orixe.
- d) tódolos documentos utilizados nas actuacións administrativas almacenaranse por medios electrónicos ademais de no seu formato de orixe.

14. O Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica define a interoperabilidade semántica como:

- a) aquela dimensión da interoperabilidade relativa a que a información intercambiada poida ser interpretable de forma automática e reutilizable por aplicacións que non interviñeron na súa creación.
- b) aquela dimensión da interoperabilidade relativa á capacidade das administracións de colaborar co obxecto de alcanzar os obxectivos dos servizos que prestan.
- c) aquela dimensión da interoperabilidade relativa á relación entre sistemas e servizos de tecnoloxías da información, incluíndo aspectos tales como as interfaces, a interconexión, a integración de datos e servizos, a presentación da información, a accesibilidade e a seguridade, ou outros de natureza análoga.
- d) aquela dimensión da interoperabilidade relativa á interacción entre entidades públicas, que se manifesta especialmente na conservación da información en soporte electrónico.

15. Indique cal dos seguintes servizos NON se ofrece pola plataforma @firma:

- a) Funcionalidades de verificación.
- b) Servizos de intermediación de documentos.
- c) Funcionalidades de sinatura.
- d) Selado de tempo (TSA).

16. As sedes electrónicas utilizarán, para identificarse e garantir unha comunicación segura coas mesmas:

- a) sistemas de firma electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente.
- b) sistemas de firma electrónica avanzada.
- c) sistemas de claves concertadas.
- d) sistemas de firma electrónica baseados en certificados dixitais.

17. A plataforma de validación de certificados VALIDE permite validar:

- a) os códigos seguros de verificación.
- b) os certificados de sede electrónica.
- c) as URLs dos portais das Administracións Públicas.
- d) os certificados de sedes electrónicas e os códigos seguros de verificación.

18. Entre as prioridades que se establecen no plan Europa 2020 atópase:

- a) gobernanza económica.
- b) crecemento autosuficiente.
- c) crecemento dixital.
- d) crecemento económico.

19. A Axenda Dixital para Europa, iniciativa da estratexia Europa 2020 posta en marcha pola Comisión Europea establece:

- a) medidas para que, no ano 2020, o 45% dos fogares europeos estean abonados a conexións da internet por encima dos 100 Mbps.
- b) promoción da iluminación con baixo consumo de enerxía: redución de polo menos un 50 % do consumo de enerxía en iluminación para 2020.
- c) o fomento da I+D nas TIC: duplicación do investimento público.
- d) promoción do comercio electrónico: un 75 % da poboación deberá efectuar compras en liña para 2015.

20. Para o seguimento e avaliación da Axenda Dixital de Galicia 2020, a Xunta de Galicia apóiase na labor realizada por:

- a) CEMIT.
- b) AMTEGA.
- c) OMSIGA.
- d) EGAP.

21. Quen negocia e decide a estratexia e o orzamento do Fondo Social Europeo?

- a) A estratexia a deciden os países membros da UE mentres que o orzamento o Parlamento Europeo.
- b) A estratexia e o orzamento do FSE os decide o Parlamento Europeo como única institución parlamentaria.
- c) A estratexia e o orzamento do FSE négóciense e decídense entre os Estados membros da UE, o Parlamento Europeo e a Comisión Europea.
- d) Cando coinciden total ou parcialmente con outros fondos estruturais é a Comisión europea a encargada tanto da estratexia como do presuposto do FSE.

22. Cando se creou a Axenda Dixital de Galicia?

- a) O 17 de xuño de 2010 foi aprobada no Consello da Xunta de Galicia a primeira fase da Axenda dixital de Galicia cun horizonte 2014.
- b) Creouse o 17 de xuño de 2014 no Consello da Xunta de Galicia.
- c) Foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia no ano 2010 e posta en marcha a primeira fase no ano 2015.
- d) O Concello da Xunta de Galicia aprobou a 1ª fase da Axenda Dixital de Galicia no ano 2009 e a súa posta en marcha no 2015.

23. Cal ou cales son os principios específicos da interoperabilidade de acordo co Real decreto 4/2010 do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica?

- a) A accesibilidade por medios electrónicos dos cidadáns de nacionalidade española ás Administracións públicas de ámbito local, provincial, autonómico ou estatal.
- b) Son tres: a interoperabilidade como calidade integral. Carácter multidimensional da interoperabilidade. Enfoque de solucións multilaterais.
- c) Os mecanismos públicos para garantir a seguridade nas comunicacións electrónicas entre os cidadáns e os organismos oficiais no ámbito competencial das Comunidades Autónomas.
- d) Son tres: pódense executar para calquera propósito. Permiten coñecer o seu código fonte. Pódense modificar ou mellorar.

24. O Esquema nacional de seguridade aplícano as Administracións públicas para:

- a) asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos utilizados en medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias.
- b) garantir a seguridade dos cidadáns residentes no territorio nacional no caso de agresión dunha potencia exterior, ou atentado terrorista.
- c) garantir a inviolabilidade das comunicacións electrónicas entre cidadáns dentro do territorio nacional.
- d) protexer os cidadáns de posibles acosos por parte dos poderes do Estado.

25. A validez e os efectos das comunicacións e notificacións electrónicas rexeranse polo establecido:

- a) no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- b) na disposición adicional décimo novena da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- c) En el artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) en todas as disposicións anteriormente citadas.

26. De acordo con Richard Stallman o Software libre fai referencia ás liberdades que pode exercer quen o recibe, en concreto:

- a)
 - 1. Liberdade para executar.
 - 2. Liberdade para estudar.
 - 3. Liberdade de reprogramar.
 - 4. Liberdade para mellorar e publicar.
- b)
 - 1. Liberdade para executar o programa en calquera sitio, con calquera propósito e para sempre.
 - 2. Liberdade para estudalo e adaptalo as nosas necesidades. Isto exige o acceso ao código fonte.
 - 3. Liberdade de redistribución, de modo que se permita colaborar con veciños e amigos.
 - 4. Liberdade para mellorar o programa e publicar as melloras. Tamén exige o código fonte.
- c)
 - 1. Liberdade para executar e estudar en calquera sitio, con calquera propósito e para sempre.
 - 2. Liberdade para o acceso ao código fonte de modo que se permita colaborar con veciños e amigos.
 - 3. Liberdade de redistribución, para mellorar o programa e publicar as melloras. Tamén exige o código fonte.
 - 4. Liberdade de aprender a preparar un programa e melloralo
- d)
 - 1. Liberdade para executar o programa en calquera sitio, con calquera propósito e para sempre.
 - 2. Liberdade para mellorar o programa. Tamén exige o código fonte.

27. De acordo coa Directiva do Consello do 14 de maio de 1991 sobre a protección xurídica de programas de ordenador:

- a) toda persoa física ou xurídica protexerá os datos de acceso ao código fonte.
- b) todos os países que integran a ONU protexerán mediante dereitos de autor os programas de ordenador como obras literarias, tal como se definen no Convenio de Europa para a protección das obras literarias e artísticas.
- c) os Estados membros (de la CEE actual UE) protexerán mediante dereitos de autor os programas de ordenador como obras literarias, tal como se definen no Convenio de Berna para a protección das obras literarias e artísticas.
- d) os Estados membros do Comité Económico e Social da UE protexerán todos os programas de ordenador como determina o Convenio de Berna para a protección das obras literarias e artísticas.

28. Unha Administración pública só poderá prestar servizos de comunicacións electrónicas en réxime de prestación a terceiros:

- a) previa demanda de solicitude dirixida á Comisión Europea, tal como dispón a Directiva 2009/136/ do Parlamento Europeo e o Consello, do 25 de novembro de 2009, no seu artigo 77, apartado 3.
- b) a través de entidades ou sociedades que teñan entre o seu obxecto social ou finalidade a instalación e explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.
- c) no caso en que o demande outra Administración Pública de ámbito superior.
- d) ningunha das anteriores.

29. Que é unha asignación de frecuencias, segundo a Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de Telecomunicacións?

- a) a designación dunha banda de frecuencias para o seu uso por un ou máis tipos de servizos de radiocomunicación, cando proceda, nas condicións que se especifiquen.
- b) autorización administrativa para que unha estación radioelétrica faga uso dunha frecuencia ou canle radioelétrico determinado nas condicións especificadas.
- c) bucle de abono no que emite un determinado operador de telecomunicacións.
- d) ondas electromagnéticas nas que a frecuencia se limita convencionalmente por baixo de 3.000 Ghz, e que se propagan sen guía artificial.

30. Segundo o artigo 2º do Decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que se entende por “Sistema de información”?

- a) Infraestruturas de telecomunicacións destinadas ao transporte da información entre sistemas.
- b) Conxunto de compoñentes que forman un todo destinado a obter, procesar, rexistrar ou distribuír información, independentemente do soporte en que esta almacenada.
- c) Unha infraestrutura de redes de información vinculadas entre si.
- d) Calquera medio físico (papel, CD-ROM, cintas magnéticas, etc.) utilizado para almacenar información.

31. A Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico é:

- a) o órgano colexiado con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- b) o órgano competente en materia de protección da privacidade dos consumidores no territorio da Comunidade autónoma de Galicia.
- c) a institución pública dependente da Consellería de Facenda que ten como obxecto a salvagarda das transaccións financeiras feitas por medios electrónicos entre contas bancarias domiciliadas en sucursais dentro do territorio da Comunidade autónoma galega.
- d) un órgano previsto no Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e que aínda está sen conformar.

32. Que é o Consello Asesor para as Telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia?

- a) O órgano representativo da Administración xeral de Galicia en materia da sociedade da información e das telecomunicacións. (Lei 3/2014, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. Artigo 29.1).
- b) O órgano consultivo e asesor da Administración xeral e do resto do sector público autonómico e estatal de Galicia en materia da sociedade da información e das telecomunicacións. (Lei 3/2014, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. Artigo 19.1).
- c) O órgano representativo da Administración xeral de Galicia en materia da sociedade da información e das telecomunicacións. (Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. Artigo 19.1).
- d) O órgano consultivo e asesor da Administración xeral e do resto do sector público autonómico de Galicia en materia da sociedade da información e das telecomunicacións. (Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. Artigo 29.1).

33. Indique a resposta correcta máis ampla posible:

- a) a web semántica ten como obxectivo dotar aos recursos da Web de metadatos que os describan en formatos accesibles para todas as persoas, con independencia da súa orixe, idioma ou capacidades psico-físicas.
- b) unha ontoloxía é unha xerarquía de conceptos con atributos e relacións, que define unha terminoloxía consensuada para definir redes semánticas de unidades de información interrelacionadas e con certas regras.
- c) para a definición de ontoloxías na web semántica empréganse as linguaxes RDF Schema (máis completo) e OWL (un subconxunto coa funcionalidade básica e máis comunmente utilizada da anterior).
- d) tódalas anteriores son correctas.

34. Unha arquitectura de rede na que todos os equipos (agás os elementos de interconexión) teñen o mesmo rol dobre de cliente e de servidor, chámase:

- a) de dúas capas.
- b) cliente/servidor.
- c) P2P.
- d) híbrida.

35. PHP NON é unha linguaxe:

- a) interpretada.
- b) imperativa.
- c) fortemente tipada.
- d) de propósito xeral.

36. En relación cos sistemas de información xeográfica, *Universal transversal Mercator* (UTM) é:

- a) un sistema de proxección de coordenadas.
- b) un formato de intercambio de datos xeoreferenciados.
- c) un organismo de normalización de datos xeográficos a nivel europeo.
- d) unha infraestrutura de datos espaciais con licenza *Creative Commons*.

37. A directiva comunitaria INSPIRE (*Infrastructure for spatial information in Europe*) contén principios normas e guías para:

- a) a creación dunha infraestrutura de información xeográfica desenvolvida e mantida pola Comisión Europea, e que substituirá ás infraestruturas dos estados membros en sucesivas fases (por completo a partir de 2021).
- b) a harmonización das infraestruturas de información espacial que deben aplicar os estados membros en sucesivas fases dende a súa entrada en vigor en 2007 ata se completar en 2021.
- c) a harmonización das infraestruturas de información espacial dos estados membros, aplicada por eles en sucesivas fases que foron completadas en 2007.
- d) a harmonización das infraestruturas de información espacial dos estados membros que, como España, adheríronse voluntariamente ao proxecto.

38. BPEL é:

- a) unha notación para a representación gráfica de procesos de negocio.
- b) un formato de ficheiro, baseado en xml, capaz de dar soporte á notación BPMN.
- c) unha linguaxe de execución orquestrada de procesos de negocio.
- d) un consorcio para impulsar a estandarización no eido da xestión dos procesos de negocio.

39. A interface XMLHttpRequest:

- a) non é utilizable para a transmisión asíncrona de datos en formatos non baseados en xml como json o csv.
- b) recomenda o uso de UTF16 como codificación de caracteres.
- c) non pode realizar comunicacións síncronas.
- d) Utiliza exclusivamente os protocolos http ou https para as peticións.

40. No patrón de software modelo vista controlador (MVC), cal é a compoñente que debería ser independente das outras dúas, podendo ser desenvoltoa sen coñecemento ningún delas?

- a) A vista.
- b) O controlador.
- c) O modelo.
- d) Ningunha delas.

41. En Spring Web MVC, o papel de controlador frontal realízao:

- a) un servlet (DispatcherServlet).
- b) un "special bean".
- c) unha instancia da clase WebApplicationContext.
- d) ningunha das anteriores é correcta.

42. Cal das seguintes APIs NON está dispoñible no EJB container dun servidor JEE?

- a) JavaMail.
- b) EL.
- c) JTA.
- d) JAX-WS.

43. O termo "web scraping" refírese á:

- a) indexación de páxinas web por parte dun axente automático (web crawler).
- b) adaptación do contido dunha páxina web ás características do axente de usuario que a consulta.
- c) extracción automatizada de datos a partir do contido de páxinas web.
- d) conservación de copias do contido das páxinas web na caché dun servidor de buscas.

44. No modelo relacional, as vistas:

- a) son unha forma de implementar a independencia lóxica dos datos.
- b) son una forma de implementar a independencia física dos datos.
- c) almacenan o estado dunha táboa nun momento dado.
- d) son definidas a partir dunha táboa na que se eliminaron algúns dos seus atributos.

45. No modelo relacional, dise que un atributo A ten unha dependencia funcional completa dos atributos B e C se A depende funcionalmente:

- a) de B e tamén de C.
- b) de B ou de C.
- c) de B ou de C pero non de ámbolos dous.
- d) do conxunto de ámbolos dous, pero de ningún deles por separado.

46. En Métrica v3, a tarefa *ASI 6.3: Normalización del Modelo Lógico de Datos* ten como obxectivo a normalización do modelo lóxico de datos, garantindo que cumpre polo menos coa:

- a) segunda forma normal.
- b) terceira forma normal.
- c) forma normal Boyce-Codd.
- d) quinta forma normal.

- 47. Ao falar das transaccións nun SGBD, o acrónimo inglés: ACID refírese ás súas características de:**
- a) Atomicity, Consistency, Isolation, Durability.
 - b) Atomicity, Consistency, Integrity, Durability.
 - c) Authentication, Consistency, Integrity, Durability.
 - d) Authentication, Consistency, Isolation, Durability.
- 48. As bases de datos NoSQL teñen como característica destacada respecto das relacionais a:**
- a) escalabilidade horizontal.
 - b) garantía de consistencia nas transaccións.
 - c) estandarización da linguaxe de consulta.
 - d) potencia en operacións de JOIN.
- 49. A operación de diferenza de conxuntos da álgebra relacional realizase en ANSI/SQL mediante o operador:**
- a) DIFF.
 - b) DIFFERENCE.
 - c) EXCEPT.
 - d) EXCLUDING.
- 50. En SQL estándar, a cal das seguintes operacións NON se lle pode asignar permisos con GRANT?**
- a) SELECT.
 - b) INSERT.
 - c) EXECUTE.
 - d) Pódesele asignar a tódalas anteriores.

- 51. Un arquivo JNLP (do protocolo Java Network Launch Protocol) contén:**
- a) código xml.
 - b) código fonte Java.
 - c) o bytecode da aplicación a lanzar.
 - d) código fonte de calquera das linguaxes soportadas na plataforma Java.
- 52. A interface estándar de programación para chamar dende Java a métodos nativos escritos noutras linguaxes é:**
- a) JNI.
 - b) JNDI.
 - c) JNLI.
 - d) JRMI.
- 53. As funcións e parámetros necesarios para interactuar cun servizo web especificanse nun documento:**
- a) SOAP.
 - b) WSDL.
 - c) UDDI.
 - d) SPDI.
- 54. Segundo as convencións da arquitectura REST, que método dos seguintes non é necesariamente idempotente?:**
- a) DELETE.
 - b) PUT.
 - c) POST.
 - d) GET.
- 55. Para chegar a un esquema ROLAP en *folerpa de neve (snowflake)* a partir dun en estrela, realizarase un proceso de:**
- a) creación de novas xerarquías.
 - b) partición da táboa de feitos.
 - c) agregación (rollup) de membros nunha ou máis dimensións.
 - d) normalización das táboas de dimensións.

56. En cal dos principios de accesibilidade web (WCAG2.1) encádrase a pauta de *compatibilidade* (maximizar a compatibilidade cos axentes de usuario actuais e futuros, incluídas as tecnoloxías de asistencia)?
- a) Perceptible.
 - b) Operable.
 - c) Comprensible.
 - d) Robusto.
57. Indique cal é a afirmación INCORRECTA respecto do software de e-learning Moodle:
- a) Conta, entre outros, con módulos para a realización de exames, realización de tarefas e glosarios.
 - b) Permite a incorporación de contidos en paquetes SCORM.
 - c) Está escrito en PHP e ten licenza BSD (Berkeley Software Distribution), que permite a súa incorporación en aplicacións de software comercial.
 - d) Permite xestionar os permisos dos usuarios baseándose en diversos roles para persoas administradoras, profesorado, alumnado, etc.
58. Cal das seguintes ferramentas de traballo en grupo ten un carácter de comunicación asíncrona?
- a) Videoconferencia.
 - b) Encerado electrónico.
 - c) Mensaxería instantánea.
 - d) Motor de fluxos de traballo (*workflow*).
59. En Hadoop, denomínase HDFS:
- a) ao seu propio sistema de arquivos.
 - b) ao motor que aplica o algoritmo *map-reduce*.
 - c) ao nodo *master* dun *cluster*.
 - d) ao *scheduler* que asigna as funcións *map-reduce* a executar en paralelo.

- 60. En relación co ciclo de vida do software, o modelo "en espiral" descrito inicialmente por Barry Boehm representa un tipo de modelo:**
- a) evolutivo.
 - b) por etapas.
 - c) en cascada.
 - d) tipo "Codificar e corrixir".
- 61. No proceso unificado de desenvolvemento de software (Unified Process), Grady Booch e James Rumbaugh propoñen:**
- a) un proceso do software involutivo, en ferverza (Waterfall) e simétrico.
 - b) un proceso de software en elipse, con modelado asíncrono.
 - c) un sistema secuencial non baseado en obxectos.
 - d) un proceso do software "impulsado polo caso de uso, centrado na arquitectura, iterativo e incremental".
- 62. RUP (Rational Unified Process) usa como linguaxe de modelado:**
- a) MUP.
 - b) Non usa unha linguaxe de modelado.
 - c) UML.
 - d) IDEF1X.
- 63. Cal das seguintes metodoloxías non se considera Metodoloxía ou Modelo áxil?**
- a) ERD.
 - b) SCRUM.
 - c) DSDM (Dynamic Systems Development Method).
 - d) Cristal.
- 64. Cal dos seguintes exemplos de requisitos considérase un requisito funcional?**
- a) O sistema enviará un correo electrónico cando se rexistre algún pedido.
 - b) O sistema, na área de contabilidade, deberá xerar os informes en menos de 10 segundos.
 - c) O sistema non debe ocupar máis de 2 GB de disco.
 - d) Ningunha das anteriores.

65. En relación á validación de requisitos, a “verificación de realismo” implica:

- a) Utilizando o coñecemento da tecnoloxía existente, os requirimentos deben verificarse para asegurar que son os que indica o cliente ou usuario.
- b) Utilizando o coñecemento da tecnoloxía existente, os requirimentos deben verificarse para asegurar que coinciden cos obxectivos funcionais.
- c) Utilizando o coñecemento da tecnoloxía existente, os requirimentos deben verificarse para asegurar que se poden implementar.
- d) Utilizando o coñecemento da tecnoloxía existente, os requirimentos deben verificarse para que non haxa restricións ou descricións contraditorias da mesma función do sistema.

66. Cal dos seguintes diagramas non se especificou dentro dos tipos básicos de diagramas UML?

- a) Diagrama de Casos de uso.
- b) Diagrama de Clases.
- c) Diagrama de Actividades.
- d) Diagrama de Sincronización.

67. En programación orientada a obxectos, sobrecargar un método é:

- a) crear un método co mesmo nome doutro existente pero con distintos argumentos.
- b) cambiarlle o nome a un método existente pero deixalo coa mesma funcionalidade.
- c) cambiarlle o nome a un método existente e modificar a súa funcionalidade.
- d) ningunha das anteriores.

68. En relación á enxeñería de software, a definición enunciada por Chifofsky: “A análise dun sistema para identificar os seus compoñentes actuais e as dependencias que existen entre eles, para extraer e crear abstraccións do devandito sistema e información do seu deseño”, representa unha definición de:

- a) enxeñería estruturada.
- b) enxeñería cara a adiante. (Forward Engineering).
- c) enxeñería simétrica.
- d) enxeñería inversa.

- 69. Cal das seguintes probas considérase de *caixa branca*?**
- a) Partición equivalente.
 - b) Camiño básico.
 - c) Análise de valores límite.
 - d) Baseados en grafos.
- 70. As probas de recuperación, de seguridade, de esforzo, de despregamento, habitualmente clasifícanse como:**
- a) estratexias de probas unitarias.
 - b) estratexias de probas integración.
 - c) estratexias de probas de interface.
 - d) estratexias de probas de sistema.
- 71. En relación a modelos de calidade de software, no CMMI (Capability Maturity Model Integration), o nivel de madurez máis alto, nivel 5 representa:**
- a) nivel estandarizado.
 - b) nivel optimizado.
 - c) nivel finalizado.
 - d) nivel administrado cuantitativamente.
- 72. En relación a modelos de calidade de software, a ISO 9000-3 está formada por unha serie de cláusulas. Cal das seguintes están recollidas dentro da norma?**
- a) Administración da responsabilidade.
 - b) Repetición e adecuación.
 - c) Destrución das probas.
 - d) Versionado continuo.

- 73. Cales das seguintes ferramentas non se considera un software de control de versións?**
- a) Subversion.
 - b) Git.
 - c) Nginx.
 - d) Mercurial.
- 74. Software como Apache Maven, Apache Ant ou Gradle considéranse principalmente:**
- a) ferramentas para a xestión e construción de proxectos de software.
 - b) ferramentas de implementación de alta dispoñibilidade.
 - c) ferramentas de control de malware.
 - d) ningunha das anteriores.
- 75. HyperThreading é unha tecnoloxía desenvolta por Intel, que:**
- a) crea dous núcleos virtuais por cada núcleo físico.
 - b) suplanta a caché compartida os datos de varios fíos por un sistema dedicado.
 - c) aumenta a frecuencia de reloxo de cada procesador en traballo multi-fío.
 - d) non existe dita tecnoloxía.
- 76. O obxectivo principal da arquitectura Blade en servidores é:**
- a) arquitectura que permite redución do espazo utilizado en contorna multiservidor.
 - b) arquitectura para procesamento en rede.
 - c) arquitectura software orientada a virtualizar o software de servidores.
 - d) arquitectura para mellorar a velocidade do procesador.
- 77. O termo POSIX fai referencia a:**
- a) Standard IEEE para definir unha arquitectura hardware multiprocesador.
 - b) Standard deseñado por Microsoft, que permite conectividade con sistemas UNIX.
 - c) Standard IEEE que define o interface entre SO e os programas.
 - d) Standard ISO para implementar servizos de rede.

78. O sistema DMA permite:

- a) aos diferentes núcleos do computador o acceso á memoria de forma directa.
- b) aos periféricos acceder á memoria sen necesidade de uso da CPU.
- c) a dous procesos software compartir memoria.
- d) o aumento de memoria dun sistema de forma dinámica.

79. Kubernetes é:

- a) un sistema para o despregamento de aplicacións en contedores.
- b) unha plataforma para o desenvolvemento gráfico KDE.
- c) unha tecnoloxía de sistema de ficheiros UNIX con k-nodes.
- d) unha ferramenta hardware de aceleración do sistema operativo.

80. SPF (Sender Policy Framework)

- a) regras para clasificar o correo electrónico en cartafoles segundo a orixe.
- b) regras de encriptado e desencriptado de correo electrónico.
- c) protocolo standard para o deseño de sistemas de mensaxería instantánea.
- d) protocolo contra as falsificacións do emisor de correo electrónico.

81. Que indica o enderezo de correo no seguinte rexistro txt publicado nun servidor DNS?

v= DMARC1; p= quarantine; rua= mailto: aha1@dominio. com;

- a) Indica onde enviar os emails en corentena.
- b) Indica o correo de testing.
- c) Indica onde enviar informes agregados.
- d) Indica o correo do propietario do dominio.

82. Tomcat

- a) é un contedor de aplicacións Python.
- b) é un contedor de aplicacións Java.
- c) é un contedor de aplicacións C.
- d) é un contedor de aplicacións Swift.

83. En un servidor Apache, la configuración BindAddress emprégase para:

- a) bloquear enderezos IP.
- b) especificar o servidor DNS.
- c) especificar qué enderezos ou IPs deben atenderse no servidor.
- d) conectar o servidor de almacenamento.

84. Nun CPD a certificación TIER IV con respecto á TIER III:

- a) incide de maneira primordial en mellorar a seguridade de acceso.
- b) incide de maneira primordial en mellorar a tolerancia a erros.
- c) incide de maneira primordial en mellorar o acceso concorrente.
- d) incide de maneira primordial en mellorar a monitoraxe do CPD.

85. Os termos EDA, ZDA e HDA baixo TIA—942 dun CPD:

- a) ten que ver con sistemas de alimentación ininterrompida.
- b) teñen que ver con sistemas de control de acceso.
- c) teñen que ver con sistemas ignífugos.
- d) teñen que ver con áreas do CPD.

86. Vmware Vmotion ou Microsoft Live Migration:

- a) representan unha tecnoloxía para converter máquinas físicas a vms.
- b) representan unha tecnoloxía para trasladar unha máquina virtual completa en funcionamento dun servidor físico a outro.
- c) representan unha tecnoloxía para mover vms entre contornas virtuais de diferentes fabricantes.
- d) representan unha tecnoloxía para facer backups de vms.

87. Cal dos seguintes termos fai referencia a “software como servizo”?

- a) SS.
- b) SaaS.
- c) SLS.
- d) PaaS.

- 88. O modelo de virtualización que está baseado na arquitectura cliente/servidor, onde cada cliente funciona como unha imaxe virtual da capa hardware e que permite que o sistema operativo cliente funcione sen modificacións, permitindo ao administrador crear diferentes sistemas cliente con sistemas operativos independentes entre si, correspóndese con:**
- a) O modelo de máquina virtual.
 - b) O modelo paravirtual.
 - c) O modelo de virtualización a nivel de sistema operativo.
 - d) O modelo de virtualización parcial.
- 89. Cal das seguintes topoloxías NON existe en tecnoloxía SAN?**
- a) FC-Local Location.
 - b) FC-Point to point.
 - c) FC-Arbitrated loop.
 - d) FC-Switched Fabric.
- 90. En arquitecturas de almacenamento SAN FC-AL, os dispositivos están conectados con topoloxía:**
- a) estrela.
 - b) bus.
 - c) punto a punto.
 - d) anel.
- 91. En backups, que indica o RTO?**
- a) Indícanos a cantidade máxima de información que podemos perder.
 - b) Indícanos a cantidade máxima de información que podemos salvagardar.
 - c) Indícanos o tempo máximo de recuperación.
 - d) Indícanos o tempo promedio en creación de backups.
- 92. En backups a deduplicación permite:**
- a) ter copias tolerantes a erros.
 - b) eliminar arquivos non usados.
 - c) aumentar a tolerancia a erros.
 - d) reducir o espazo de almacenamento.

93. En relación coa administración da rede, a MIB é:

- a) un sistema de autorización de accesos.
- b) un medio de almacenamento de información que contén os obxectos que mostran o estado actual dunha rede.
- c) un método de etiquetado de hardware.
- d) un protocolo de asignación de incidencias.

94. O Protocolo SNMP:

- a) evita a conxestión da rede.
- b) serve para rexistrar ataques de denegación de servizo.
- c) serve para monitorear o rendemento dos protocolos de rede e dos dispositivos.
- d) serve para proporcionar camiños ou roteiros múltiples aos dispositivos de rede.

95. O Plan de Banda Larga 2020 asume o reto do obxectivo da Axenda Dixital para Europa de:

- a) garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación.
- b) garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 20Mbps para a totalidade da poboación.
- c) garantir unha cobertura de banda larga de 30Mbps para a totalidade da poboación.
- d) garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 50Mbps para a totalidade da poboación.

96. Que se entende por Smishing?

- a) Utilización de técnicas de phishing pero para servizos asociados con voz sobre IP (VoIP).
- b) Utilización de técnicas de phishing nas mensaxes de texto de teléfonos móbiles.
- c) É unha mensaxe de correo electrónico con contido falso ou enganoso e normalmente distribuída en cadea.
- d) É a capacidade de duplicar unha páxina web para facer crer ao visitante que se encontra na páxina orixinal en lugar da copiada.

97. Que se entende por IP Spoofing?

- a) É un ataque que se basea na execución de código "Script" arbitrario nun navegador.
- b) É un ataque que pretende provocar un direccionamento erróneo nos equipos afectados, mediante a tradución errónea dos nomes de dominio a enderezos IP.
- c) É un ataque que consiste en modificar a cabeceira dos paquetes enviados a un determinado sistema informático para simular que proceden dun equipo distinto ao que verdadeiramente os orixinou.
- d) É un ataque que se compón dun conxunto de actuacións que perseguen colapsar determinados equipos ou redes informáticas, para impedir que poidan ofrecer os seus servizos aos seus clientes e usuarios.

98. O contido da norma ISO 27001 divídese en seccións, cal das seguintes NON se corresponde cunha sección da mesma?

- a) Mellora do SGSI.
- b) Auditorías internas.
- c) Responsabilidade da dirección.
- d) Plan de seguridade.

99. Dentro da familia de estándares ISO 27000, que norma encárgase de axudar ás organizacións a medir, a informar e, polo tanto, a mellorar sistematicamente a eficacia do seu Sistema de Información de Xestión da Seguridade (SGSI)?

- a) ISO 27001.
- b) ISO 27002.
- c) ISO 27003.
- d) ISO 27004.

100. Cal dos seguintes tipos de ataque vulnera a integridade da información?

- a) Interrupción.
- b) Modificación.
- c) Fabricación.
- d) Intercepción.

101. Que é un honeypot?

- a) Un sistema especialmente preparado para ser ou parecer vulnerable.
- b) Un sistema que contén información importante e programas valiosos.
- c) Un sistema capaz de detectar cambios realizados sobre arquivos aloxados nun servidor.
- d) Un sistema que busca no tráfico da rede sinaturas ou patróns relacionados con virus.

102. O cifrado híbrido consiste en:

- a) utilizar o cifrado simétrico para intercambiar a clave pública e usar despois o cifrado asimétrico.
- b) utilizar o cifrado asimétrico para intercambiar a clave e usar despois o cifrado simétrico.
- c) alternar entre o cifrado simétrico e asimétrico para aumentar a seguridade.
- d) utilizar o cifrado simétrico para intercambiar a clave secreta e usar despois o cifrado asimétrico.

103. Que é a esteganografía?

- a) É unha técnica que busca ocultar unha mensaxe ante un posible atacante cifrando dito mensaxe.
- b) É unha técnica que consiste en cambiar a orde dos símbolos.
- c) É unha técnica que consiste en substituír un símbolo por outro dun conxunto.
- d) É unha técnica que busca ocultar unha mensaxe ante un posible atacante facendo que pase desapercibida.

104. Cal das seguintes afirmacións é a correcta dentro dun sistema de cifrado asimétrico?

- a) Os extremos que se comunican deben coñecer a clave privada.
- b) Utilízase un par de claves, unha para cifrar e outra para descifrar.
- c) Utilizan lonxitudes de claves menores que o cifrado simétrico.
- d) É mais rápido que o cifrado simétrico.

105. Cal dos seguintes campos NON se encontra nun certificado electrónico que siga o estándar X.509?

- a) Nome do certificador.
- b) Período de validez.
- c) Clave pública do suxeito.
- d) Clave privada do suxeito.

106. A federación de identidades é:

- a) a extensión da xestión da identidade a múltiples dominios de usuarios.
- b) a extensión da xestión da identidade a múltiples dominios de seguridade.
- c) a extensión da xestión da identidade a múltiples dominios de equipos.
- d) a xestión integrada da identidade para usuarios que pertencen a mesma Unidade Organizativa.

107. A diferenza entre un IDS e un IPS é:

- a) os IDS detectan un ataque, xeran unha alerta, actúan e intentan neutralizar o ataque.
- b) os IDS pódense instalar nun servidor e os IPS só pode ser un equipo hardware.
- c) os IDS e os IPS funcionan exactamente igual.
- d) os IPS detectan un ataque, xeran unha alerta, actúan e intentan neutralizar o ataque.

108. Que é Loapi?

- a) É un malware móbil para iOS que implementa unha complexa arquitectura modular para levar a cabo diferentes actividades ilícitas.
- b) É un malware móbil para Android que implementa unha complexa arquitectura modular para levar a cabo diferentes actividades ilícitas.
- c) É un malware móbil para Android e iOS que implementa unha complexa arquitectura modular para levar a cabo diferentes actividades ilícitas.
- d) É un malware móbil para Android deseñado para lanzar exclusivamente ataques de denegación de servizo (DDoS).

109. BYOD son as siglas de :

- a) merca o teu propio dispositivo.
- b) trae o teu propio dispositivo.
- c) trae o teu vello dispositivo.
- d) constrúe o teu propio dispositivo.

110. Starvation é:

- a) un ataque ao servidor DHCP consistente en inundar con peticións DHCP REQUEST, con enderezos MAC falseados co obxectivo de esgotar o seu espazo de enderezos asignables.
- b) un ataque ao servidor DNS onde o atacante logra alterar os servidores DNS para que as consultas de resolución de nomes resólvanse incorrectamente e redirixan aos usuarios a sitios maliciosos.
- c) un ataque que consiste en suplantar ao servidor de DHCP dunha rede e modificar os parámetros de rede que reciben os equipos conectados ao renovar ou solicitar unha nova IP.
- d) un ataque ao servidor DHCP consistente en inundar con peticións DHCP OFFER, con enderezos MAC falseados co obxectivo de esgotar o seu espazo de enderezos asignables.

111. No test de intrusión de Caixa Gris:

- a) o executor do test non ten coñecemento sobre o sistema de información a revisar.
- b) o executor do test simula a posición dun empregado interno da organización que dispón de certa información sen privilexios de administración.
- c) o executor do test ten coñecemento detallado sobre o sistema de información a revisar.
- d) o executor do test simula a posición dun empregado interno da organización que dispón de certa información con privilexios do grupo de administradores.

112. Indique cal das seguintes afirmacións NON é correcta sobre o modelo de capas OSI:

- a) A capa de enlace encárgase de realizar a sincronización no envío de tramas.
- b) A capa de sesión está por riba da capa de rede.
- c) O nivel que realiza a función de obter a mellor ruta para a comunicación entre máquinas situadas en redes xeográficas distintas é o nivel 3.
- d) A compresión e o cifrado dos datos é unha tarefa da capa de aplicación.

113. No modelo OSI a multiplexación é:

- a) a función que permite utilizar unha soa conexión do nivel N para soportar varias conexións do nivel N-1.
- b) a función que permite utilizar unha soa conexión do nivel N-1 para soportar varias conexións do nivel N.
- c) a función que permite utilizar unha soa conexión do nivel N+1 para soportar varias conexións do nivel N.
- d) a función que permite utilizar varias conexións do nivel N-1 para soportar unha conexión do nivel N.

114. O nome do estándar WiMAX provén de:

- a) Wireless Media for Area eXtent.
- b) Worldwide Interoperability for Microwave Access.
- c) WiFi MAXimun.
- d) Wireless Model Access eXtensive.

115. X.25 é:

- a) un estándar para o acceso a redes privadas de conmutación de paquetes.
- b) un estándar para o acceso a redes públicas de conmutación de circuítos.
- c) un estándar para o acceso a redes privadas de conmutación de circuítos.
- d) un estándar para o acceso a redes públicas de conmutación de paquetes.

116. As redes ATM empregan celas de:

- a) tamaño variable: entre 5 e 10 bytes de cabeceira, máis 46 bytes de información.
- b) tamaño fixo: 5 bytes de cabeceira, máis 48 bytes de información.
- c) tamaño fixo: 8 bytes de cabeceira, máis 56 bytes de información.
- d) tamaño variable: 5 bytes de cabeceira e entre 48 e 56 bytes de información.

117. Indica cal das seguintes afirmacións NON é correcta sobre MPLS (Multiprotocol Label Switching):

- a) Opera entre a capa de transporte e a capa de rede.
- b) Opera entre a capa de enlace e a capa de rede.
- c) Pode existir sobre redes ATM e Frame Relay.
- d) Non require unha capa física específica.

118. Os equipos Bluetooth empregan:

- a) transmisión por espectro expandido mediante secuencia directa.
- b) transmisión por espectro expandido mediante salto de frecuencia.
- c) un algoritmo de control de acceso ao medio baseado en CDMA/CD.
- d) un algoritmo de control de acceso ao medio baseado en CDMA/CA.

119. Indica cal das seguintes afirmacións NON é correcta sobre o estándar IEE 802.11:

- a) Utiliza CSMA/CA como protocolo MAC.
- b) A trama 802.11 contén 4 enderezos MAC.
- c) A trama 802.11 contén 2 enderezos MAC.
- d) Utiliza tramas de recoñecemento ou confirmación (ACK).

120. No sistema Cl@ve de Identificación, Autenticación e Firma Electrónica para os cidadáns común a todo o Sector Público Administrativo Estatal, os certificados necesarios para poder realizar firma centralizada, son emitidos e custodiados por:

- a) a Secretaría Xeral de Administración Dixital.
- b) a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.
- c) a Dirección Xeral da Policía.
- d) a Intervención Xeral da Administración do Estado.

PREGUNTAS DE RESERVA

121. Changed Block Tracking ou Resilient Change Tracking:

- a) permite acelerar os tempos de backups en contornas virtualizadas.
- b) permite reducir os tempos de recuperación de backups en contornas virtualizadas.
- c) proporciona illamento no backup.
- d) ningunha das anteriores.

122. Segundo o Centro Nacional de Intelixencia, existen 4 tipos de autoridade que un CERT pode ter sobre a súa Comunidade:

- a) autoridade completa, autoridade compartida, autoridade nula, autoridade indirecta.
- b) autoridade total, autoridade parcial, autoridade nula, autoridade indirecta.
- c) autoridade completa, autoridade compartida, autoridade directa, autoridade indirecta.
- d) autoridade completa, autoridade parcial, autoridade nula, autoridade indirecta.

123. O protocolo ARP serve para atopar enderezos:

- a) NetBIOS.
- b) IP.
- c) DNS.
- d) Ethernet (MAC).

124. Cal dos seguintes protocolos de encamiñamento está baseado no estado dos enlaces?

- a) RIP versión 1.
- b) OSPF.
- c) BGP.
- d) RIP versión 2.

125. Indica cal das seguintes afirmacións sobre unha ponte (bridge) NON é correcta:

- a) É un dispositivo para conectar segmentos de rede.
- b) Poden illar o tráfico baseándose no enderezo MAC.
- c) Transmite datos aos segmentos conectados sen esperar a que chegue a trama completa.
- d) Só operan no nivel MAC de enlace.

126. Segundo o modelo de Cadro de Mando Integral (Balanced Scorecard) de Kaplan e Norton:

- a) o cadro de mando permite aos xestores priorizar as expectativas dos clientes sobre a situación financeira da organización.
- b) o cadro de mando establécese tendo en conta catro perspectivas distintas: accionistas, perspectiva interna da organización, innovación-aprendizaxe e perspectiva estratéxica.
- c) a implantación dun cadro de mando débese realizar establecendo obxectivos que se deben trasladar a indicadores ou medidas específicas.
- d) o cadro de mando establécese tendo en conta cinco perspectivas distintas: clientes, accionistas, perspectiva interna da organización, innovación-aprendizaxe e perspectiva financeira.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



**Proceso selectivo para el ingreso, por el turno de promoción interna, en el cuerpo superior de la Administración General de la Comunidad Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas y tecnología de la información.
ORDEN de 1 de marzo de 2018 (DOG de 8 de marzo)**

Primer ejercicio
Acceso: promoción interna

NO abra el examen hasta que el tribunal lo indique

1. Dentro de los dominios que contempla COBIT 5 no se encuentra:

- a) Alinear, Planear y Organizar.
- b) Monitorear, Evaluar y Valorar.
- c) Entregar, Servir y Reportar.
- d) Construir, Adquirir e Implementar.

2. VALIT complementa a COBIT desde el punto de vista:

- a) Seguridad y Calidad.
- b) Sistemas de Información.
- c) Recursos Humanos.
- d) Financiero y de Negocio.

3. ¿Cuál de las siguientes no es una de las perspectivas que contempla el Cuadro de Mando Integral (Balanced Scorecard) de Kaplan y Norton?:

- a) Del Proveedor.
- b) Desarrollo y Aprendizaje.
- c) Interna del Negocio.
- d) Financiera.

4. ¿Cuál de las siguientes no es una fortaleza de PMBOK?

- a) Está orientada a sucesos.
- b) Indica el conocimiento necesario para manejar el ciclo vital de cualquier proyecto a través de sus procesos.
- c) Define para cada proceso sus entradas, herramientas, técnicas y reportes necesarios.
- d) Define un cuerpo de conocimiento en el que cualquier industria pueda construir las mejores prácticas específicas para su área de aplicación.

5. Según la Guía de PMBOK v.6, el proceso de Definir las Actividades se encuentra dentro del área:

- a) Gestión del Alcance del Proyecto.
- b) Gestión del Cronograma del Proyecto.
- c) Gestión de la Integración del Proyecto.
- d) Gestión de las Adquisiciones del Proyecto.

6. ¿Cuál de los siguientes subcriterios NO corresponde al criterio *Personas* en el modelo EFQM?

- a) Gestión y mejora de las relaciones con los clientes.
- b) Planificación, gestión y mejora de los recursos humanos.
- c) Identificación, desarrollo y mantenimiento del conocimiento y la capacidad de las personas de la organización.
- d) Recompensa, reconocimiento y atención a las personas de la organización.

7. ¿Cuál de las siguientes afirmaciones se corresponde con el estándar ISO 9000?

- a) El Estándar ISO 9000 está basado en un modelo de gestión por procesos que desarrolla los siete principios de la Gestión de la Calidad.
- b) El Estándar ISO 9000 está basado en un modelo de gestión por procesos que desarrolla los ocho principios de la Gestión de la Calidad.
- c) El Estándar ISO 9000 está basado en un modelo de gestión por eventos que desarrolla los siete principios de la Gestión de la Calidad.
- d) El Estándar ISO 9000 está basado en un modelo de gestión por procesos que desarrolla los siete principios de la Gestión de la Información.

